

A Consellería remitiu ao centro as ***instrucións sobre a concreción de medidas a adoptar en relación coa avaliación do segundo trimestre***, concretando o seguinte:

1. A efectos de dar continuidade no calendario escolar, os centros educativos procederán a formalizar o peche da avaliación do segundo trimestre. Cada centro, dentro da súa autonomía pedagóxica e de xestión, disporá as medidas precisas para a súa formalización, na medida do posible, antes do 3 de abril.
2. Non serán avaliábeis as actividades relacionadas cos contidos curriculares realizadas polo alumnado con posterioridade á data de declaración do estado de alarma. En consecuencia, aqueles centros que non teñan formalizado o peche da avaliación do segundo trimestre procederán a formalizalo co traballo desenvolvido ata dita data.

Tendo en conta estas instrucións, a Dirección do CEIP de Arzúa informa a toda a comunidade educativa que nos vindeiros días se procederá á realización da 2ª avaliación co traballo desenvolvido ata a data de declaración do estado de alarma.

**As notas estarán dispoñibles unicamente a través da aplicación AbalarMóbil o venres 3 de abril.**

Será preciso que todas as familias teñan descargado no móbil dita aplicación para ter acceso ás notas dos seus fillos/as.

Poden consultar a información sobre esta aplicación na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/noticia/abalarmobil>

Atentamente

A dirección.